



Información sobre as visitas guiadas á exposición da Biblioteca de Galicia

“Unha árbore de historias. Cen anos de literatura infantil e xuvenil en galego”

As visitas guiadas están deseñadas para os seguintes niveis educativos:

- 3º ciclo de Educación Primaria.
- Educación Secundaria Obrigatoria.
- Bacharelato.

O número máximo de estudantes admitidos por día será de 60.

As datas nas que se poderá reservar a visita serán as seguintes:

- Días: luns e venres.

	Venres	Luns	Venres	Luns	Venres	Luns	Venres	Luns	Venres
Marzo	●	●	●	●	●	●	●	27	31
Abril	●	●	●	●	14	17	21	24	28
Maio	5	8	12	15	19	22	26	29	●

Nesas datas haberá dúas quendas de visita: ás 10:00 e ás 11:30 horas. En cada quenda o número máximo de estudantes será de 30.

As reservas poderán facerse no enderezo electrónico: bibliotecadegalicia@xunta.gal

Unha vez recibida a solicitude enviarase por correo electrónico unha ficha-tipo de reserva na cal o centro educativo interesado en participar deberá cumprimentar toda a información relativa á visita: nome de centro, nivel académico, número de estudantes día e hora para os que queren facer a reserva, nome e teléfono do profesorado de contacto.

Recibida esa información contestarase a ese mesmo correo sobre a posibilidade ou non de realizar a visita. As reservas só serán efectivas unha vez enviada a confirmación.

Organización das visitas

Opción 1

Reserva polo centro educativo dun grupo de ata 60 estudantes para o mesmo día.

Os estudantes dividiranse en 2 grupos de 30:

- GRUPO A – visita ao edificio da Biblioteca de Galicia.
- GRUPO B – visita arquitectónica á Cidade da Cultura.

	Visita exposición	Visita depósitos da Biblioteca	Visita CdC
10:00-10:30	Grupo A.1	Grupo A.2	Grupo B
10:30-11:00	Grupo A.2	Grupo A.1	

Hora estimada de intercambio entre grupos: 11:30 horas.

	Visita exposición	Visita depósitos da Biblioteca	Visita CdC
10:00-10:30	Grupo B.1	Grupo B.2	Grupo A
10:30-11:00	Grupo B.2	Grupo B.1	

Horario estimado de finalización das visitas: 13:00 horas.

Opción 2

Reserva polo centro educativo dun grupo de ata 30 estudantes. Neste caso poderá tramitarse para o mesmo día a reserva doutro centro educativo no que o número máximo de estudantes sexa de 30.